



Orde do 8 de xullo de 2024, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (DOG do 10 de xullo).

Novidades desta convocatoria

- No prazo de maio poderán solicitarse as axudas ata o 9 de setembro (60 días).
- Nesta convocatoria cambian as contías para o alumnado que realiza a FCT fóra de Galicia e tamén as contías para os distintos países no caso de que a realicen no estranxeiro.

Alumnado excluído

Non terá dereito á axuda convocada nesta orde:

- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- No caso da modalidade B, que o alumno/a non desfrutase dunha axuda Erasmus+ KA102, KA116, KA121 ou KA122, ou calquera outra axuda que financie totalmente o período de realización da FCT ou da FP dual.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT ou da FP dual.

Prazos da convocatoria

- **Prazo de maio**, para o alumnado que realiza a FCT nos períodos outubro 2023-marzo 2024, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2024.



Acollerase a este primeiro prazo o alumnado de FP dual.

- **Prazo de outubro**, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2024.

Teñen que rematar a FCT **obrigatoriamente** antes do **31 de decembro de 2024**.

Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2024, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal.

Documentación

- **Arquivo da documentación**

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Copia do DNI da persoa solicitante, de ser o caso.
- c) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (anexo III).
- d) Certificación de realización das prácticas ou da FP dual.

Toda esta documentación **quedarán archivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos**. Non se enviará ningunha documentación á dirección xeral.

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O **anexo II** (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitir por correo electrónico a fct@edu.xunta.gal **antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes**. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado **informes/centro**.

Nota. Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>

Datas principais do prazo de maio

Publicación da convocatoria no DOG	10 de xullo de 2024
Prazo de solicitudes	11 de xullo ao 9 de setembro
Publicación no centro da listaxe provisional	10 de setembro
Prazo de reclamacións	11 de setembro ao 20 de setembro
Publicación no centro da listaxe definitiva	21 de setembro
Finalización das prácticas	Do 23 ao 27 de setembro

Máis información

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co Servizo de Orientación e Innovación Profesional, nos teléfonos:

981 546 540 / 981 540 213 (Ana Cordo ou Paula Tenreiro).